

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZAOITO DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZASETE.

Na Salón de Sesiões da Casa do Concello de Valdoviño, ás vinte horas do día dezaoto de agosto de dous mil dezasete xúntanse para celebrar sesión ordinaria, en primeira convocatoria, e previamente convocados para o efecto os/as concelleiros/as que se relacionan, presidindo a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández.

Asistentes: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa e dona Jessica Sabín Fernández do PSdeG- PSOE; don Jose Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona M^a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL), don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V) e don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Actúa como secretaria a titular do Concello, dona Carlota M. González Navarro, estando presente tamén a interventora do concello, dona Gema Leal Insua.

O alcalde, sendo a hora sinalada apertura a sesión para tratar os asuntos incluídos na Orde de Día da convocatoria, adoptándose os acordos que pola mesma orde se pasan a expresar:

I. PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA EN DATA 21 DE XULLO DE 2017.-

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ao borrador da acta, que se entregou ao tempo da convocatoria desta sesión (conforme estipula o artigo 80.2 do ROF), e non presentándose ningunha, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos votantes, acorda aprobar a referida acta.

Non votaron os concelleiros don Manuel Javier Bacorelle Robles nen don Luis Manuel Beceiro Rodríguez por mor de que non asistiran á sesión plenaria do 21 de xullo.

II. CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

2º.- DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DE ALCALDÍA (Emitidos dende o 14/07/17 ao 08/08/17).-

De conformidade co sinalado no artigo 42 do ROFRXEL procedese a dar conta á Corporación de decretos da Alcaldía que se ditaron entre o 14 de xullo e o 8 de agosto de 2017 e que comprenden os números de decretos do 289 ao 328 do corrente ano para que os concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal aos efectos do control e fiscalización dos órganos de goberno previstos na LRBRL.

O Pleno deuse por informado.

O Sr.Vigo Lago solicita copia dos decretos números 293 e 303/207.

3º.- DAR CONTA DE INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DO PAGO DAS OBRIGAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, DURANTE O 2º TRIMESTRE DE 2017.-

En virtude do disposto na Lei 15/2010, de 5 de xullo que modifica a Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, informáse ao Pleno sobor do cumprimento dos prazos para o pagamento das obrigas do Concello durante o segundo trimestre de 2017; a través de informe e documentación anexa á este, emitido en data 27 de xullo de 2017, que queda incorporado ao expediente da acta desta sesión.

A interventora do Concello, Sra. Leal Insua deixa constancia de que o informe reflexa o prazo de pagamento de facturas do trimestre indicado, pero que se suprime a factura dunha Certificación de obra da que se evidenciou erro e tivo que ser rectificadora e nestes casos non computa o prazo ata a presentación da certificación rectificativa.

O Pleno tomou coñecemento.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Grupo municipal BNG.- O voceiro deste grupo, Sr. Ameneiros Serantes intervén cos seguintes asuntos: (*.-)

*.- Plan Xeral Ordenación Municipal; indicando que pediu varias veces unha reunión, aínda sen técnicos redatores, pero con presenza do arquitecto municipal.

O Sr. Alcalde manifesta que hai novas respecto ao PXOM, do que se informará ao respecto.

*.- Transporte público (buses); poñendo de relevo o descontrol existente, sen informar á xente e sen teren coñecemento dos horarios.

O Sr. Alcalde explica que entrou o novo contrato en data 9 de agosto e que o día 8 de agosto falou co Xefe Territorial da Coruña quen tamén tiña dúbidas. Afirmar que non deron información, unicamente un teléfono da concesionaria MONBUS, quen tampouco se aclaraba. A propia Xunta dixo que non daba os horarios, que era unha obriga da

concesionaria. Fíxose unha primeira aproximación de horarios e non están todas as propostas recollidas. Non se sabe coma se van a implicar coas rutas escolares, hai que facer chamada o día anterior á viaxe, e a situación está así en toda Galicia.

O Sr. Rodríguez Fernández pensa que en Meirás prestan o servizo coma sempre, que non variaron.

O Sr. Alcalde di que o bus de Vilaboa vai por Castro e o de Cedeira por Meirás.

O Sr. Vigo di que sobor das 11 pasa un bus por Vilaboa; que as 7 e pico da mañá hai un para Ferrol dende Vilaboa e que parece que nesta zona millorou o servizo.

Que Rialsa ten unha páxina web onde figuran os percorridos e dende onde se poden quitar directamente os billetes.

O Sr. Alcalde sinala que dende A Frouxeira hai buses de Autos Paco.

O Sr. Ameneiros pide que se reclame para que proporcionen información verdadeira á xente.

*.- Tema taxas celebración bodas. Considera debe suprimirse esta taxa que é de 100 euros.

Comenta o Sr. Alcalde que o número de expedientes desta celebración é baixo e que en principio, está de acordo coa supresión, pero habería que estudialo.

Grupo municipal CENVAL.- O voceiro deste grupo, Sr. Beceiro Rodríguez intervén cos seguintes asuntos: (*.-)

*.- Parcelaria; preguntando se se levaron a cabo as subsanacións.

O Sr. Alcalde informa de que se fixeron obras en camiños que faltaban e que están chegando comunicacións con resposta aos reclamantes; de que están para recolocar pedreiros, que algúns están destragados polas máquinas de tala de madeira (teñen fotografías).

Sr. Beceiro.- Hai polo menos dous casos sen resolver: no lugar da Cachaveira (na zona da curva) e no lugar de Mourente (na saída da pista da parcelaria); asuntos que se lles dixo e non o atenderon.

O Sr. Alcalde comprométese a chamar á Xunta para que veña enxeñeiro e ir con él ao sitio onde radican os problemas.

*.- Altas (número de solicitudes conexión) en Porto do Cabo.

O Sr. Alcalde pon de manifesto que esta xestión está concesionada e as altas as tramita a empresa concesionaria.

*.- Limpeza beirarrúas; poñendo de relevo, que é moi importante á imaxe do Concello e pode observarse que non se limpan as herbas das beirarrúas.

Afirma o Sr. Alcalde e o Sr. Vega Fernández que se están a limpar, pero que hai zonas que non corresponde o seu mantemento ao Concello.

Discrepa o Sr. Beceiro desta afirmación, incidindo de novo en que non se están a limpar.

Pide a palabra o voceiro do BNG, Sr. Ameneiros, preguntando quen mandou sobres en blanco (sen logotipo e sen remitente) á xente recomendando doar sangue.

As concelleiras García López e Sabín Fernández, explican que foron os da campaña de doazón de sangue (SERGAS).

O Sr. Vigo di que estaban asinadas polo Alcalde de Valdoviño.

O Sr. Alcalde reconece e di que a súa sinatura responde a que se lle pidiu colaboración.

Retoma a súa intervención o Sr. Beceiro:

*.- Reitera á petición de que se lle solicite á Deputación a limpeza de cunetas.

*.- Roga se proceda a cortar á herba das inmediacións do local do PAI.

*.- Pregunta si se están acometendo obras na pista polideportiva porque viu un andamio que está cesible e que o portal está aberto, o que encerra un perigo.

*.- Plantexa como fixera noturas noutras sesións plenarias a necesidade de tapiar debidamente o edificio do “Siroco”, pola perigosidade que supón o seu estado.

O Sr. Alcalde xustifica en que o propietario di que cerrou e que romperon o peche.

O Sr. Beceiro opina que hai que tapiar con cemento non con tableiros, e pon de manifesto que os cristais rotos que estaban no inverno seguen alí agora.

O Sr. Vigo Lago, comparte a opinión de que tal cómo está supón un perigo, este edificio.

*.- Pregunta si se ten previsto invertir algo en acondicionamento de praias, vista a subvención de 75.000 euros outorgada ao Concello.

O Sr. Alcalde, lembra que o Concello realiza actuacións en parques e casetas de praias, que Costas fixo actuacións no Baleo, e que se ten un presuposto para realizar melloras de accesibilidade na praia e no paseo.

*.- Reprocha que non se quitara a area do paseo ás duchas.

O Sr. Alcalde e o Sr. Vega responden que iso non é certo.

Ademáis o Sr. Alcalde abunda en que se retirou con máquina a area de todas as pasarelas antes da tempada estival en presenza de persoal de Medio Ambiente e que non se fixera antes polo tema da protección do chornitejo.

*.- Denuncia a existencia de carteis informativos con datas caducadas; baseándose o Sr. Beceiro en que estaban non hai moitos días, carteis co resultado de análises de auga que databan do ano 2012.

*.- Roga a ordenación e o acondicionamento dos aparcadoiros coma en Villarrube e que se proceda a impedir a entrada de vehículos de grande volume e peso que provocan desfeitas.

*.- Insiste na necesidade de aproveitar as oportunidades que brinda o turismo de autocaravanas, o que conleva un bo estudio de dotación de zonas adecuadas e con servizos para o aparcamento e estancia das mesmas.

Relata o Sr. Alcalde que as autocaravanas teñen o seu dereito a aparcar coma outro vehículo calquera, e que a Xunta lles permite pernoctar durante unha noite. O problema xurde cando desplégan elementos de campismo, ocupando espazo e permanecendo estacionadas durante tempo. Está de acordo en que hai que buscar unha solución de ordenación; e así se intentou en Marnela pero o impediu Medio Ambiente e Costas crear zona para estos vehículos.

O Sr. Vigo Lago traslada a interese da xente de Vilaboa en que se creen estacionamentos para autocaravanas.

O Sr. Alcalde adianta de que hai varias iniciativas en marcha por parte de particulares, tanto en zona costeira coma na zona do interior do municipio.

*.- Critica que na publicidade e cartel do Pantín Classic non apareza Valdoviño de forma destacada.

O Sr. Alcalde defendese dicindo que aparece o escudo do Concello ao mesmo nivel do resto das institucións que promocionan o evento e pensa que o Concello debería ser participador directo.

*.- Critica ademáis o feito de que tampouco no museo do Surf se faiga referencia nen a Pantín nen a Valdoviño.

Ao respecto o Sr. Alcalde contesta que o obxecto do museo non vai ser o Pantín-Classic.

Grupo municipal UNIDOS POR VALDOVIÑO.- O voceiro deste grupo, Sr. Bacorelle Robles anuncia que non vai intervir.

Grupo municipal PARTIDO POPULAR.- Voceiro do grupo Sr. Vigo Lago.
Este grupo intervén cos seguintes asuntos: (*.-)

Sr. García Alonso.-

*.- Petición de que se faiga cumprir a Lei de Montes e control nas plantacións; destacando a gravidade do problema. Os veciños reciben cartas da Deputación polas que se lles comunica sancións por novas plantacións, sen unha previa notificación (ante o cambio de criterio).

O Sr. Ameneiros e o Sr. Alcalde aclaran que as normas se aplican directamente, que é coma unha sanción de tráfico ou a sanción por unha obra ilegal.

O Sr. Vigo Lago matiza que se a Deputación o fixese a feito estaría ben, pero que ten entendido que non é así. Aparte, a Deputación ten tamén árbores mal plantadas en terreo público, cando debería de dar exemplo. Lembra que perante o seu mandato caíu unha

árabore en estrada que dependía da Confederación Hidrográfica e aínda así tivo que pagar o Concello, polo o que hai que tomar en consideración esta cuestión.

O Sr. García Alonso fala de redatar un proxecto de prevención de incendios, con planos das vivendas, listado de propietarios con parcelas e zonas afectadas a remitir aos veciños carta informativa.

O Sr. Alcalde non ve preciso facer isto, pois considera que o propietario ten coñecemento onde pode plantar e das distancias e as empresas madeiras igual.

O Sr. García replica que os concellos que teñen convenio, teñen o proxecto subvencionable. É partidario de primeiro informar á xente e en caso de que incumpra, daquela abrialle expediente sancionador.

O Sr. Alcalde indica que a Xunta comunica a distancia de 30 metros de perímetro nas plantacións.

O Sr. Vigo lembra que o Concello ten unha ordenanza que sinala 50 metros.

Prosegue a intervención do grupo PP o Sr. Vigo Lago.-

*.- Zona aparcamento minúsválidos na praia (Saiña). ¿Fíxose algún cambio?

O Sr. Alcalde afirma que se modificou en pleno.

Alude o Sr. Vigo a que houbera denuncia por parte dun interesado que dicía que era zona privada.

Contesta o Sr. Alcalde que no inventario aparece como público. Que tamén había reclamacións pola mala sinalización polo que se colocaron balizas e se pintou de azul (agora é fácil de ver zona reservada a minusválidos), e de feito baixou o número de reclamacións.

*.- Alumeado público; cun mal estado dos seus elementos. Pregunta si se solucionou porque incluso na Frouxeira houbo un accidente.

Sr. Vega e Sr. Alcalde. – Sí que o houbo e de feito case tiraron as farolas.

O Sr. Rodríguez Fernández plantexa poñer como dirección única (de baixada) unha pista na zona dos adosados: 1ª pista despois do establecemento “O Gitano” á esquerda.

Aprecia o Sr. Alcalde esta idea como boa.

Sr. Vigo Lago.-

*.- Subvención Plan Xeral Ordenación Municipal.

Asegura o Sr. Alcalde que está falado coa Xunta e que non corre perigo de perderse a subvención.

*.- Limpeza cunetas; reincidindo nesta petición, feita en anteriores sesións plenarias.

Matiza que nalgún sitio houbo incluso desprendementos sen que se actúase, coma na zona de Pazos e que tampouco se limpou a maleza coma por exemplo na zona de Meirás que alcanza unha altura moi considerable ou en zonas da parroquia de Loira onde hai máis dun ano que non se lle tocou, a zona de San Andrés e outras.

O Sr. Alcalde di que este é un tema do operario tractorista.

*.- Expediente nome rúas e numeración. Di que está parado dito expediente que se iniciara no seu mandato cando se trata dun asunto fundamental sobre todo en Valdoviño e Meirás, que concentran maior poboación.

O Sr. Alcalde atribue esta falta ao feito que o técnico municipal ao que lle corresponde este asunto está de vacacións e antes tivo disfrute de días que lle corresponden legalmente.

O Sr. Rodríguez Fernández, roga se faiga a numeración das casas, porque aos veciños esta carencia xeneralles moitos problemas.

*.- Alumeado público. Pregunta unha vez máis cando se vai quitar a licitación.

*.- Lindes co Concello de San Sadurniño. Asunto que considera importante porque é preciso ter listo para o planeamento.

Conforma o Sr. Alcalde que está pendiente de que dende ese Concello (San Sadurniño) chamen, porque o expediente está parado polos seus problemas.

*.- Marquesiña de Loira; preguntando si se vai poñer.

Indica o Sr. Alcalde que hai que esperar pola actuación da Deputación, pero vai desaparecer desa zona.

*.- Arquivo municipal. Pregunta si se segue coa organización e arquivo dos expedientes e si se xestiona dixitalmente. .

Xustifica o Sr. Alcalde a carencia da dixitalización en que se está á procura da sinatura dun convenio coa Universidade de Santiago para este traballo.

Sen ningún outro asunto que tratar, cando son as vinte e dúas horas deste día sinalado no encabezamento da acta, o Sr. Alcalde-Presidente da por rematada a sesión e procede ao seu levantamento. Da sesión, eu Secretaria, estendo esta acta, reflexo do acontecido e DOU FE.

A secretaria,

O alcalde,